



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Bases convocatoria para a selección dunha praza de Técnico/a de Turismo*

#### ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 417/2021, de data 30 de abril de 2021, procedeuse á aprobación das bases que rexerán a convocatoria para a selección dunha praza de Técnico/a de Turismo, persoal laboral temporal, dentro do Programa de subvencións dirixido aos Concellos e Agrupación de Concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021, DP0029/2021, da Deputación Provincial da Coruña, sendo as que a continuación se reproducen:

**“Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de Técnico/a de Turismo, persoal laboral temporal, para a Oficina de Información Turística do Concello de Cabanas.**

#### 1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado, dun/ha Técnico/a de Turismo, para o servizo de promoción turística na Oficina Municipal de Información Turística, situada no Areal, en base aos criterios de publicidade da convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos, financiada con cargo ao Programa de subvencións dirixido aos Concellos e Agrupación de Concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021, DP0029/2021, segundo bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 217, de 18 de decembro de 2020.

As funcións do posto será a prestación do servizo de información turística no Concello de Cabanas, de acordo co programa de actividades subvencionado.

#### 2. Réxime Xurídico.

A normativa de aplicación ven determinada pola seguinte lexislación:

- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases do Programa de subvencións dirixido aos Concellos e Agrupacións de Concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021, DP0029/2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 217, de 18 de decembro de 2020.

### 3. Características do contrato.

A modalidade da contratación será a de contrato laboral de duración determinada, a xornada completa, por obra ou servizo determinado, consonte ao establecido no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, estando vinculado o referido contrato ao financiamento do servizo por parte da Deputación Provincial da Coruña.

A duración do contrato será de cinco meses, debendo rematar inescusablemente antes do día 31 de decembro de 2021.

A xornada ordinaria de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5) semanais.

As retribucións a percibir son as seguintes:

Salario bruto: 1.842,27 euros, incluído rateo de pagas extraordinarias.

### 4. Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente na Sede Electrónica e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Todos os anuncios sucesivos realizaranse na Sede Electrónica do Concello de Cabanas.

### 5. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ao artigo 56 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

f) Estar en posesión da titulación esixida, segundo o establecido na base terceira das bases específicas do Programa de subvencións dirixido aos Concellos e Agrupacións de Concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar gastos de persoal das Oficinas de Turismo durante o exercicio 2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña 217, de 18 de decembro de 2020.

- Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- Grado ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado
- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo
- Grado ou licenciatura en Historia da Arte
- Grado ou licenciatura en Humanidades
- Grado ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Grao ou licenciatura en Historia

g) Acreditación do coñecemento do idioma galego, nivel Celga 4.

h) Posuír o carné de conducir tipo B.

Todos os requisitos anteriores, así como os incluídos na base seguinte, deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

## 6. Presentación de solicitudes.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello de Cabanas, así como en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Cabanas, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia, e da documentación anexa á mesma, á dirección de correo electrónico: rexistro@cabanas.gal, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou documento de identificación.
- b) Copia da titulación esixida na base quinta da presente convocatoria.
- c) Currículo da persoa aspirante.
- d) Copia dos méritos alegados, segundo o establecido na base 9ª da convocatoria.
- e) Copia do carné de conducir tipo B.
- f) No seu caso, acreditación do coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4 ou equivalente.

A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

En base ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba, que será cualificada como apto/a ou non apto/a.

Dita proba consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos. Dita proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a.

## 7. Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación ditará Resolución declarando aprobada a listaxe de persoas aspirantes admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio na Sede Electrónica do Concello de Cabanas.

As persoas aspirantes disporán dun prazo non superior a dous (2) días hábiles para a subsanación de deficiencias dende a publicación do anuncio na Sede Electrónica, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo outorgado para a subsanación ou, non caso de non necesidade de subsanación de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas ás probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio na Sede Electrónica, no que se incluírá o nomeamento dos membros do Tribunal Cualificador, así como a data, hora e lugar para a súa constitución e valoración de méritos da fase de concurso, consonte ao establecido na punto noveno das presentes bases.

## 8. Tribunal de selección.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición a paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

## **9. Sistema de selección.**

A selección realizarase polo sistema de concurso-oposición, con suxeición aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A selección de aspirantes realizarase en dúas fases: fase de oposición e fase de oposición.

### **9.1. Fase de oposición. Máximo 10 puntos.**

A fase de oposición será previa á fase de concurso e consistirá nas seguintes probas: proba tipo test e proba de galego.

#### **a) Proba tipo test. Máximo 10 puntos.**

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba escrita, que será determinada polo Tribunal cualificador. Constará dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, e cinco preguntas de reserva, onde se avaliarán os coñecementos das persoas aspirantes sobre o temario obxecto da presente convocatoria.

A proba terá unha duración máxima dunha hora e será valorada cun máximo de 10,00 puntos, a razón de 0,25 puntos por resposta correcta. As respostas erróneas non restarán puntuación. Será necesario obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos para a superación da proba.

#### **c) Proba de galego.**

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos. Dita proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 4 ou equivalente.

### **9.2. Fase concurso. Máximo 6 puntos.**

Procederase á valoración da fase de concurso dos méritos daquelas persoas aspirantes que superen a fase de oposición.

O Tribunal valorará a experiencia profesional, a formación académica e a formación complementaria, cun máximo de 6 puntos, segundo o seguinte baremo:

**a) Experiencia profesional. Máximo 2 puntos.**

Por servizos prestados para calquera administración pública como funcionario/a de carreira, interino/a ou contratado/a laboral fixo ou temporal, en postos de igual ou similar categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca: 0,10 puntos por cada mes de servizo.

Para a súa acreditación deberán presentar a seguinte documentación orixinal ou copia cotexada:

-Certificación de servizos prestados emitida pola administración correspondente ou contrato de traballo.

-Certificado de vida laboral.

Será preciso presentar ambos documentos para que sexa valorada a experiencia profesional.

**b) Formación académica. Máximo 2 puntos.**

- Por estar en posesión de máis dunha titulación das esixidas na base 5ª.f), un (1) punto por cada titulación a maiores da computada como requisito.

- Idiomas estranxeiros:

Nivel usuario básico -Nivel A1: 0,10 puntos/ Nivel A2: 0,20 puntos

Nivel usuario independente –Nivel B1: 0,30 puntos/ Nivel B2: 0,60 puntos

Nivel usuario competente – Nivel C1: 0,75 puntos/ Nivel C2: 1,00 punto

Só se valorará un título ou certificado por idioma, o de maior puntuación, debidamente acreditado. Serán admitidos certificados acreditativos de obtención de nivel de idiomas expedidos pola EOI, así como de organismos privados con validez internacional, como Cambridge e Trinity, ou equivalente, debendo a persoa aspirante acreditar dita equivalencia.

Deberán presentar para a súa acreditación o orixinal ou copia cotexada do título ou certificación que o acredite.

**c) Formación complementaria: Máximo 2 puntos.**

Valorarase ata un máximo de 2 puntos a asistencia a cursos impartidos por Administracións Públicas, organismos públicos, centros oficiais ou dependentes de Administracións Públicas ou Universidades Públicas, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado e o desenvolvemento eficiente das mesmas, de acordo co seguinte baremo:

Horas	Puntuación
25 a 49 horas	0,15
50 a 74 horas	0,20
75 a 99 horas	0,25
100 a 149 horas	0,30
150 horas ou máis	0,35

Unicamente se valorará a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a Cursos de formación. Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas. Non se valorarán curso de formación que formen parte dun proceso selectivo. Non se valorarán cursos de informática nin de prevención de riscos laborais, por non gardar relación directa coas funcións do posto convocado.

As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais. O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas.

**10. Cualificación final, presentación de documentos e formalización de contrato.**

A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1º. A maior puntuación obtida na proba tipo test.

2º. A maior puntuación obtida na experiencia profesional.

3º. En caso de persistir o empate este resolverase por sorteo público.

O Tribunal despois da cualificación publicará a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación, elevando a proposta de contratación ao Sr. Alcalde-Presidente da persoa que obtivera a maior puntuación no proceso selectivo.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ao Sr. Alcalde-Presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

A persoa aspirante seleccionada, previamente á súa contratación, no prazo de tres (3) días naturais dende a súa proposta de contratación, deberá xustificar os seguintes requisitos:

Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación pola persoa proposta a Alcaldía ditará resolución de contratación e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo.

Confecionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do programa subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña para a contratación de persoal técnico de turismo durante a anualidade 2019, DP0029/2020.

Constituirase, así mesmo, unha bolsa de emprego coas persoas que superaron o proceso selectivo, de maior a menor puntuación, para posibles contratacións polo Concello de Cabanas de persoal técnico en Turismo, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria anuais da Deputación Provincial da Coruña para a contratación de persoal técnico en turismo, por un período de dous anos.

#### **11. Réxime de incompatibilidades.**

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

#### **12. Carácter vinculante das bases.**

As bases da presente convocatoria vinculan á Administración, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

#### **13. Incidencias.**

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **14. Protección de datos de carácter persoal.**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cabanas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.



### 15. Réxime Xurídico.

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

### 16. Recursos.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

Cabanas, 30 de abril de 2021

O Alcalde,

Carlos Ladra Brage

**ANEXO I**  
**MODELO DE SOLICITUDE**

Don/Dona ....., con DNI número .....  
e domicilio a efectos de notificación en .....  
con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico.....

**EXPÓN:**

Enterado/a da convocatoria para a provisión dun/ha Técnico/a de Turismo, persoal laboral temporal, para a atención da Oficina de Información Turística do Concello de Cabanas, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria

**SOLICITA:**

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida segundo o establecido na base 5ª da convocatoria
- Currículo
- Documentos acreditativos, debidamente cotexados, segundo o establecido na base 9ª da presente convocatoria para a fase de concurso
  - No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 4.
  - Declaración xurada segundo modelo Anexo II
  - Copia cotexada do carné de conducir B

Cabanas, .....de ..... de 2021.

Asdo:

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollos por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS**



## ANEXO II

## Modelo de declaración xurada

Don/Dona ....., con DNI número .....  
e domicilio a efectos de notificación en .....  
con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

**Primeiro:** Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

**Segundo:** Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

**Terceiro:** Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal, do Concello de Cabanas para o posto de Técnico/a de Turismo, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Cabanas, ....., de .....de 2021.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS

**ANEXO III****Temario**

1. A Constitución Española de 1978.
2. Lei Orgánica 1/1891, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
3. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
4. Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
5. O municipio: territorio, poboación e organización. Competencias. Organización municipal no Concello de Cabanas.
6. Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.
7. Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a Delimitación do Camiño de Santiago Inglés: itinerario e lugares de interese en Cabanas. A Asociación de concellos do Camiño Inglés.
8. O Concello de Cabanas: Ámbito xeográfico, patrimonio inmaterial, festas e tradicións.
9. Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Patrimonio de Cabanas: histórico, artístico e natural.
10. O Concello de Cabanas: Oferta hostalería. Aloxamento e restauración.
11. A oferta turística da Comarca do Eume. Principais atractivos turísticos. As Fragas do Eume
12. Normativa sobre a clasificación e ordenación de establecementos hostaleiros na Comunidade Autónoma de Galicia.
13. Comunidade Autónoma de Galicia: Principais destinos e produtos turísticos.
14. Creación e desenvolvemento de produtos turísticos locais. Os diferentes tipos de produtos turísticos locais. Públicos obxectivos para este tipo de produtos.
15. A información turística. Planificación e xestión dunha oficina de información turística. A difusión de información. A información turística nas redes sociais.
16. O turismo e a súa incidencia no desenvolvemento socioeconómico do territorio.
17. Programación de itinerarios turísticos. Identificación en análise comparativa das fontes de información turística máis relevantes para a confección de itinerarios.
18. Planificación e organización de eventos e espectáculos para a promoción turística. Adaptación aos distintos colectivos.
19. Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

2021/3697